



## Temáticas preferentes modalidade 2

Os cursos de nova creación para a formación na Rede a través da plataforma Platega deseñaranse de acordo co modelo competencial de cursos e tendo en conta tanto o [marco de competencias profesionais docentes](#) como o [Marco de Referencia da Competencia Dixital Docente](#). Para a elaboración da maqueta, as persoas solicitantes poñeranse en contacto co CAFI ([cafi.tic@edu.xunta.gal](mailto:cafi.tic@edu.xunta.gal)), que lles facilitará un espazo na plataforma co modelo e directrices a seguir. A continuación achégase unha listaxe de temáticas preferentes:

- Estratexias e recursos dixitais para participación, a coordinación docente e a reflexión colaborativa.
- Protección de datos persoais, privacidade, seguridade e benestar dixital.
- Criterios de calidade na busca, creación e modificación de contidos dixitais para a integración en secuencias de aprendizaxe (REA, norma UNE...).
- Deseño para a mellora da accesibilidade e/ou da experiencia de usuario/a en contidos, recursos e plataformas dixitais.
- Alfabetización dixital do alumnado, buscas seguras e curación de contidos.
- Programación e pensamento computacional en educación infantil e/ou primaria.
- Integración de plataformas e recursos dixitais na docencia en educación infantil.
- Podcast, radio e/ou laboratorios sonoros.
- A integración da intelixencia artificial nos procesos de ensino e aprendizaxe
- Deseño universal da aprendizaxe.
- Liderado para a transformación e innovación dos equipos educativos.